

A PIZARRA DIXITAL E A CONCIENCIA FONOLÓXICA

Vázquez Regueira, Helga; Álvarez Álvarez, Ruth; Dávila Barba, Virginia

CEIP Joaquín Rodríguez Otero
Buño (Malpica- A Coruña)
helgavr@edu.xunta.es
virginiadavila@edu.xunta.es
ruth.alvarez@edu.xunta.es

1. **Introdución.**

Con respecto á xustificación de crear e levar a cabo o presente grupo de traballo, hai que ter en conta que, desde cursos anteriores, fôronse detectando que existen, no CEIP Joaquín Rodríguez Otero, un gran número de alumnos e alumnas que presentan dificultades de aprendizaxe relacionadas coa correcta expresión e comprensión escrita. Polo tanto, o equipo docente deste colexio considerou que era preciso elaborar un programa específico e intenso na etapa de Educación Infantil, relacionado cos prerequisites lectores, e máis concretamente, coa conciencia fonolóxica. Deste xeito, e aproveitando o uso das novas tecnoloxías coas que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Galicia dotou ao centro, parte do claustro do centro formou un grupo de traballo no que se considerou oportuno basear o programa no emprego da Pizarra Dixital relacionada co anteriormente citado. Este programa pretende ofrecer un novo punto de vista na pedagogía utilizando como recurso as novas tecnoloxías e aproveitar a motivación e o interese que espertan no alumnado máis novo.

2. **Obxectivos:**

De forma xeral, os principais obxectivos que se pretenderon conseguir co grupo de traballo foron:

- Coñecer e manexar a pizarra dixital.
- Trasladar os coñecementos da pizarra dixital ás diferentes áreas que se imparten na etapa de Educación Infantil e Primaria.
- Recompilar e crear material relacionado coa temática do proxecto.
- Fomentar o uso do TIC.
- Previr as dificultades na lectoescritura.
- Facilitar a aprendizaxe ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Dar importancia e relevancia aos prerequisites lectores.
- Motivar ao alumnado cara á aprendizaxe a través das NNTT e fomentar o gusto pola lectura.

Desta forma, e segundo as competencias da etapa de E.I. determinadas na Lei Orgánica 2/ 2006 do 3 de maio de Educación, traballáronse diferentes aspectos e obxectivos, talles como:

- Iniciar ao alumnado en habilidades lóxicas e na lectoescritura, no uso de xestos, e desenvolvemento do ritmo e movemento.
- Tamén no desenvolvemento de habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Achegar aos alumnos/ as á lectura, polo que se fará un fomento da mesma.
- Potenciar a expresión visual e musical
- Trasladar os contidos traballados á área de lingua estranxeira, a cal se terá en conta polo menos no último curso de E.I.
- Ter en conta o uso das NNTT, o cal se atopa relacionado co emprego de métodos de traballo baseados na experiencia e no xogo.

3. Metodoloxía.

A forma de traballo que se pretendeu conseguir coa presente proposta, reside nun traballo cooperativo e participativo por parte de todos os compoñentes do grupo, da mesma forma, a metodoloxía a seguir versará na aplicación do método científico, polo que en primeiro lugar estableceuse a hipótese de se *os exercicios e actividades propostas fan mellorar o nivel de conciencia fonolóxica do noso alumnado*. Pola contra houbo unha procura de información, recompilación de datos, análises dos mesmos, establecemento de conclusións e posta en común das mesmas.

4. Contidos desenvolvidos, actividades realizadas e resultados obtidos.

No referente ao programa de contidos, dicir que estes dividíronse en dous apartados, uns relacionados coa Pizarra Dixital e outros sobre a Conciencia Fonolóxica. Con respecto á Pizarra Dixital, estes residiron en:

- ❖ Coñecementos teóricos-prácticos da pizarra dixital e uso do programa informático Note Book, para os cales se contou coa colaboración dun especialista enviado polo Centro de Formación e Recursos da Coruña. Deste xeito, recibíronse sesións de docencia relacionadas coa temática descrita.
 - ❖ Introducción da pizarra dixital de forma específica na temática que nos compete. Desta forma, creáronse actividades para aumentar o nivel de conciencia fonolóxica no noso alumnado; empregando como soporte a pizarra dixital e o programa Smart Board.
 - ❖ Introducción da pizarra dixital en actividades da aula ordinaria e coñecemento do seu manexo.
- En canto ao programa de contidos relacionados coa conciencia fonolóxica, estes centráronse en:

- ❖ Marco teórico sobre os prerequisites lectores.
- ❖ Que é, en que se basea, como se avalía e como se traballa a conciencia fonolóxica. Neste sentido a orientadora do centro e a mestra de Audición e Linguaxe, informaron o resto dos compoñentes do grupo de traballo sobre esta temática.
- ❖ En relación co programa de actividades, de forma xeral, estas centráronse na creación de rimas, trabalinguas, cancións, exercicios didácticos, frases, palabras para separar en sílabas, exercicios de adición ou supresión de fonemas, identificación de fonemas, actividades close-set, entre outras.

Deste xeito, as actividades, todas elas creadas no programa informático Note Book, atópanse organizadas nunha pantalla principal que nos leva ao traballo de rimas, omisión de sons finais, inicias, entre outros. Nestes vínculos podemos atopar diferentes propostas para traballar o aspecto seleccionado dunha forma lúdica e divertida.

Anteriormente, á creación das actividades, e por suposto á posta en práctica do programa, avalíouse, en canto ao seu nivel de Conciencia Fonolóxica, á poboación de Educación Infantil (3, 4, e 5 anos) e ao Primeiro Ciclo de Educación Primaria;. O modo de avaliación centrouse no rexistro dos resultados da proba estandarizada PECO (Proba para a Avaliación do Coñecemento Fonolóxico), que foi adaptada á lingua galega, polos integrantes do grupo de traballo. Non se pode esquecer que a mostra do alumnado tanto do grupo co cal se traballou e os grupos control, quedou organizada da seguinte maneira:

IDADE/ GRUPO ESCOLAR	Nº DE ALUMNOS/ AS AVALIADOS INICIALMENTE	Nº DE ALUMNOS/ AS AVALIADOS FINALMENTE
3 anos (1º EI)	13	12*
4 anos (2º EI)	10	10
5 anos (3º EI)	14	12*
6 anos (1º EP) <i>Grupo control</i>	8*	10
7 anos (2º EP) <i>Grupo control</i>	9*	11

Táboa 1: Nº de alumnos/ as avaliados.

*A diferenza do número de alumnos/ as é debido á ausencia do neno/ ao día da avaliación.

En termos xerais, os resultados conseguidos nun momento inicial mostran que o alumnado de 3 e 4 anos dá puntuacións baixas, respecto ao grupo de 5 anos. Por outra banda, o grupo de 6 anos

ten un nivel tamén moi baixo, mentres que o grupo de 7 anos atópase dentro dos parámetros normais. (véxase táboa 2, gráfica 1).

Nun segundo punto e despois de levar á práctica as actividades, avalíouse de novo ao alumnado, conseguindo uns resultados inmejorables (táboa 3, gráfica 1). Deste xeito, hai que aclarar que a puntuación máxima total da proba é de 30 puntos, mentres que nas tarefas de identificación, adición e omisión é de 10 puntos, sendo nas subtarefas silábica e fonémica de 5.

IDADE/ GRUP	PUNTUAC IÓN	IDENTIFICACIÓN		ADICIÓN		OMISIÓN	
		SILÁBI	FONÉMI	SILÁBI	FONÉMI	SILÁBI	FONÉMI
3 ANOS (1º EI)	0.54	0.54		0.00		0.00	
		0.46	0.08	0.00	0.00	0.00	0.00
4 ANOS (2º EI)	3.70	3.00		0.10		0.00	
		2.00	1.00	0.10	0.00	0.00	0.00
5 ANOS (3º EI)	19.07	7.14		6.36		5.21	
		4.43	3.43	3.36	3.00	3.14	2.00
6 ANOS (1º EP)	22.00	8.30		7.83		5.83	
		4.00	4.33	3.66	4.16	4.33	1.50
7 ANOS (2º EP)	23.77	8.77		7.44		7.55	
		4.33	4.44	4.00	3.44	4.00	3.55

Táboa 2: Puntuación conseguida na avaliación *INICIAL* antes da posta en práctica do programa (mes de decembro).

No caso do grupo de 3 anos, estes melloraron a súa puntuación total en 5 puntos, así como un aumento de nivel nas tarefas de identificación tanto silábica como fonémica. De todas as maneiras, todo o profesorado conclúe que en xeral este alumnado mellorou en separación de sílabas, identificación de rimas, sons dentro dunha palabra, entre outros aspectos.

En canto ao grupo de 4 anos, tamén melloraron notablemente a súa puntuación, en total uns 15 puntos aproximadamente. Hai que destacar que esta melloría, non só se nota nun aspecto concreto, se non nos tres avaliados.


Con respecto ao grupo de 5 anos, hai que comentar que obteñen unhas puntuacións moi altas en case todas as probas. A súa puntuación total é de 25.2 puntos, máis alta que a do grupo control de 6 e 7 anos. O salientable é que a maior parte dos nenos/ as obteñen a puntuación máxima en case todos os ítems.

ADE/ GRUPO ESCOLAR	PUNTUACIÓN MEDIA TOTAL	IDENTIFICACIÓN		ADICIÓN		OMISIÓN	
		SILÁBICA	FONÉMICA	SILÁBICA	FONÉMICA	SILÁBICA	FONÉMICA
3 ANOS (1º EI)	5.42	4.50		0.17		0.67	
		2.08	2.50	0.08		2.08	2.50
4 ANOS (2º EI)	18.90	6.90		7.30		4.60	
		4.20	2.70	4.00		4.20	2.70
5 ANOS (3º EI)	25.20	9.60		8.60		6.80	
		4.80	4.80	4.60		4.80	4.80
6 ANOS (1º EP)	22.10	9.00		7.20		5.90	
		4.30	4.70	3.60		4.30	4.70
7 ANOS (2º EP)	23.77	9.45		7.45		7.54	
		5.00	4.72	4.00		5.00	4.72

Táboa 3: Puntuación conseguida na avaliación **FINAL** despois da posta en práctica do programa (mes de maio)

No referente ao grupo control de 6 anos, e co cal non se realizaron actividades co programa, non mellorou en absoluto, conseguindo unha puntuación moi próxima a inicial.

O grupo de nenos/ as de 7 anos, obtiveron unhas puntuacións adecuadas para a súa idade, pero aínda así algo máis baixas que as do grupo de 3º de Educación Infantil (5 anos), tal e como se pode comprobar nas táboas e gráfica.



Gráfica 1: Comparación entre as puntuacións iniciais e finais

5. Conclusións: logros e incidencias na práctica educativa.

A modo de conclusión, e con respecto aos logros, en primeiro lugar co grupo de traballo conseguíuse que entre os membros que o compoñen fomentácese o uso das NNTT entre o alumnado, ademáis de que os mesmos (tanto alumnado como integrantes) aprendesen e manexasen con eficacia a Pizarra Dixital.

Deste xeito, deúselle no centro unha importancia moi alta ao emprego deste recurso tan novidoso. Ademáis e coas actividades propostas no programa, observamos un aumento do nivel de base de cara á aprendizaxe da lectoescritura, polo que deste xeito, pódese dicir que se aumentou a calidade educativa. Asímesmo, a posta en práctica do programa motivou ao alumnado cara á aprendizaxe, xa que viron que as actividades educativas son divertidas, é dicir, todos aprenderon xogando.

En canto á incidencia educativa, cabe destacar que este proxecto é moi innovador debido a que a existencia deste tipo de material en lingua castelá é moi excasa, mentres que en lingua galega non existe ningún programa deste estilo.

Seguindo esta liña, inflúe moi positivamente nos valores de cooperación, solidariedade e tolerancia, xa que as actividades teñen a posibilidade de traballarse en grupo. Asímesmo, fomenta o uso das NNTT entre o alumnado e o profesorado, e motiva a este cara ao gusto pola lectura, debido a que diminúe notablemente as dificultades de aprendizaxe, ademáis de previr os trastornos da lectoescritura.

6. Referencias Bibliográficas.

Brabo, L. (2002): La conciencia fonológica como una zona de desarrollo próximo para el aprendizaje inicial de la lectura. *Estudios Pedagógicos*, Nº 28, 165-177.

Defior, S. (1993). Las dificultades de lectura: papel que juegan las deficiencias de lenguaje. *Comunicación, Lenguaje y Educación*, 17, 3-13.

Defior, S. (1994): *Influencia de la codificación fonológica en el aprendizaje de la lectura*. Tesis doctoral. Facultad de Psicología. Universidad de Granada.

Domínguez, A. (1996): Evaluación de los efectos a largo plazo de la enseñanza de habilidades de análisis fonológico en el aprendizaje de la lectura y de la escritura. *Infancia y Aprendizaje*, 76, 83-96.

Domínguez, A. y Clemente, M. (1993): ¿Cómo desarrollar secuencialmente el conocimiento fonológico? *Comunicación, Lenguaje y Educación*, 19-20, 171-181.

Hernández Valle, I.; Jiménez J. (2001): Conciencia fonémica y retraso lector: ¿Es determinante la edad en la eficacia de la intervención? *Infancia y Aprendizaje* 24, 379-395.

Jiménez, J.; Ortiz, M. (2000): *Conciencia fonológica y aprendizaje de la lectura: Teoría, evaluación e intervención*. Madrid: Editorial Síntesis.

Serrano, F., Defior, S. e Jiménez, G. (2005): *Evolución de la relación entre conciencia fonológica y lenguaje escrito en niños españoles de primer curso de Educación primaria*. Actas del II Congreso Hispano Portugués de Psicología. Lisboa, 2004.

Torre, M.C.; Guerrero, M.D.; Conce, M.I.; Claros, R.M. (2002): *Programa para el desarrollo del conocimiento fonológico*. Málaga: Aljibe.

Vallés Arándiga, A. (2000): *Conciencia Fonológica*. Valencia: Promolibro.